

**INTERVENCIÓN DE OLIVIA RODRÍGUEZ NA PRESENTACIÓN
NA CORUÑA DO LIBRO *RETORNO A IRIA FLAVIA*,
DE CAMILO JOSÉ CELA**

(01-02-07)

R*etorno a Iria Flavia* é un fermoso título que, xurará, non se me ocorreu a min, senón ao editor Henrique Alvarellós: unha mostra máis do seu bo facer –non en van é filólogo e periodista, e iso dá maior valor ao seu labor editorial-.

Nunha entrevista para Radio Exterior de España preguntábanme hai uns días se este libro se podía presentar como a manifestación de cariño de Cela pola súa Galicia natal. Eu tratei de explicar que era máis ca iso: que se trataba da manifestación literaria (pois o conxunto de artigos e discursos que editamos non é outra cousa que “ensaio literario”) da conciencia que tiña Cela de pertencer a unha cultura diferenciada. Primeiro por vía parental: dos tres sangues que corrían polas súas veas, inglés, italiano e galego, este último é o que escolle para súa creación artística. Tamén por vía xeográfica, no sentido oteriano de ligazón profunda coa terra. Otero Pedrayo, a quen Cela consideraba mestre, sostíña que a nosa paisaxe era resultado da fusión entre a terra e o home, e conformaba o ser diferencial de Galicia. E por último, por vía artística e intelectual: Cela mantén aberta sempre a comunicación cos artistas e pensadores da terra, e proba disto son os traballos da presente escolma.

Como é isto posible, dirán vostedes, se Cela non escribiu no noso idioma, e polo tanto, non pertence ao sistema literario galego? A resposta é sinxela: porque, ao escoller a literatura española, asimilando a súa tradición e incorporándose a ela, fíxoo sen prescindir da fonte galega orixinaria. Deste xeito, pasou a formar parte, enriquecéndoo, dun sub-sistema literario español orixinado dentro da cultura galega, en interferencia e conexión coa literatura galega. A ese subsistema pertenceron Emilia Pardo Bazán, Ramón del Valle Inclán e Gonzalo Torrente Ballester, por citar tres nomes senlleiros da contemporaneidade. Quero inistir en que o fenómeno se produce, máis por interferencia de literaturas en contacto que por “imposición colonial”, dados os resultados.

Os galegos que -dicía Cela- andamos ciscados polo mundo, non deixamos de estar suxeitos á terra por unha raíz de longo alcance: Iso fai que Galicia exista alí onde un galego manteña acesa a súa tradición cultural.

O título, pois, *Retorno a Iria Flavia* encerra o significado último desta recompilación, pois presenta un Camilo José Cela ligado á súa terra de orixe, da que moi cedo –case adolescente- se separou fisicamente levando consigo o que el chamaba “morriña”, que o facía procurar as relacións cos paisanos, e estar ao tanto das noticias e a marcha cultural de Galicia. Ata que quixo volver

na última etapa da súa existencia, para ofrecerlle o tesouro cultural e simbólico que gañara nunha longa vida de traballo. Pois Cela é, e ninguén pode discutilo, un traballador incansable da literatura. Desde os tempos en que se afasta do destino que lle prepara a súa familia burguesa: a xudicatura, e finalmente dun posto seguro en Aduanas que abandona tamén. E desde o momento en que decide dedicarse profesionalmente á literatura española, devorando os tomos da Biblioteca Clásica Ribadeneyra cando ten que recluírse por segunda vez – de neno xa sufrira un brote da enfermidade- a causa da tuberculose.

O Cela que anda lampando polos cafés madrileños e procurando, á maneira dun novo pícaro da bohemia literaria, estipendio en exercicios pouco honrosos, ese Cela vaise converter en escritor de sona, faro para os novos narradores que veñen detrás súa. E digo narradores, porque o autor de *Iria Flavia* deixou de insistir no cultivo da poesía lírica, xénero no que se iniciou como escritor (publicaría en 1945 o poemario *Pisando la dudosa luz del día*, que non obtivo a repercusión que el imaxinaba).

A súa sona, e tamén o escándalo no panorama cultural de cartón-pedra que quería fixar o novo Estado franquista, virán da man de *La familia de Pascual Duarte* (1942), libro tremendo de fasquía expresionista, non allea á pintura de José Gutiérrez Solana e á prosa dos devanceiros da novela social dos anos inmediatamente anteriores á Guerra. Libro que o coloca entre os cultivadores do que, a partir da publicación de *Hijos de la ira* (1944) de Dámaso Alonso, serían coñecidos como escritores “desarraigados” (aínda que se trate, de portas afóra, dun desarraigo existencial).

Cela, que inicia as súas colaboracións na prensa cun artigo dedicado a Emilia Pardo Bazán en 1940, desexa que a súa primeira novela se traduza ao galego. Xa o ten feito a varios idiomas, entre eles outro peninsular, o catalán. Agora quere entrar na cultura galega que se reabriu, no que á literatura en idioma propio respecta, a través de Galaxia, unha cultura que se expresa, antes de en ningunha, na amada lingua de Rosalía de Castro e Antonio Noriega Varela –os dous escritores galegos cos que se sente afectivamente máis ligado-. E quere entrar, como digo na introdución a este libro, pola porta grande: cun prólogo que lle pide a Ramón Otero Pedrayo e unha tradución na que el mesmo se empeña nun primeiro momento, pero que –admitindo que non domina o galego- lle encarga a Vicente Risco. Cela non se rende ao longo dos 10 anos que tarda en publicar esa tradución, logro que finalmente acada coa colaboración de Celso Emilio Ferreiro e Francisco Fernández del Riego: Se os primeiros intentos datan de 1952, o libro non sae ata 1962, impreso nos talleres de Faro de Vigo e sufragado a través de suscripcións de bibliófilos.

Asemade, Cela viaxa a Galicia para dar conferencias, e mesmo expor a súa pintura: será aquí, na Coruña, na Librería “Lino Pérez”, onde tamén a finais dos 40 se leron os manuscritos de *La Colmena* antes de ser editada a novela en Buenos Aires, tal como me contara o inesquecible Julio Ponte, libreiro e home

de teatro. Ademais, participa nesta cidade dos actos, a miúdo irreverentes, que organizaba a Asociación Cultural Iberoamericana, coa tropa inconformista de escritores, críticos e pintores, que non tardaría en ser sometida a limpeza antes de finalizar a década dos 50. Todas estas relacións ligarían máis aínda a unha Coruña na que el vivira –acollido pola súa familia, os Rodríguez-Losada-, despois de ser ferido na Guerra.

Cada vez máis lonxe de Galicia, e ausente de Madrid (habitada por millares do que Borobó chamaba madrigalegos), utilizará desde Mallorca a ponte de comunicación que vai ser a súa revista *Papeles de Son Armadans* (1956-1979) para abrir e manter importantes relacións coa cultura galega. Aquí será o seu “cónsul” (segundo palabras de Cela) o poeta social Celso Emilio Ferreiro, que o pon en contacto co home forte de Galaxia, Paco Fernández del Riego e cos irmáns Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez (antigos amigos da infancia en Tui). Entre todos conseguirán fornecer *Papeles de Son Armadans* de presenza cultural galega: Desde Ramón González Alegre e Domingo García Sabell, Álvaro Cunqueiro e Juan Rof Carballo; a Xosé Luís Méndez Ferrín e Ricardo Carvalho Calero, pasando por Manuel María, Carmen Kruckenberg e Luz Pozo Garza, entre outros moitos nomes. A revista dá cabida á literatura catalá en igual medida (en maior, se nos atemos ao colchón económico de que gozaban daquela) e será a entrada das voces do exilio: Américo Castro, Max Aub, León Felipe; e os galegos Lino Novás Calvo, José Landeyra Irago, José Blanco Amor ou Jesús Bal y Gay.

A revista é unha boa guía para seguir os derroteiros intelectuais e mesmo ideolóxicos de C.J. Cela ata os anos de Transición. Ao mesmo tempo, como creador non deixa de manterse na procura da experimentación literaria: *Miss Caldwell habla con su hijo* (1953), *La Catira* (1955), *San Camilo 1936* (1969) - unha das primeiras novelas publicadas na España interior sobre a guerra civil-, *Oficio de Tinieblas* (1973), *Cristo versus Arizona* (1988), libros que o levan a unha última etapa, quizais manierista de máis, pero na que regresa a Galicia en páxinas onde se segue a revelar como o mestre dos riscos literarios de vangarda que sempre foi: *Mazurca para dos muertos* (1988), *La cruz de San Andrés* (1994), *Madera de boj* (1999). Volve Galicia, o lirismo, o surrealismo pragado de símbolos e referencias afundidos na cultura galega que sempre forneceu a súa obra artística. Destes últimos anos, cando xa conta cunha Fundación, monumento en vida que estivo a preparar desde neno amoreando vestixios de si mesmo e trofeos -o maior, o Premio Nobel-, Galicia está presente unha e outra vez como meta de chegada desde un punto de partida vital e mítico a un tempo.

A relación con Galicia exprésase tamén na inxente obra periodística de Cela: dos artigos publicados en prensa, con asunto galego, esta cincuentena de *Retorno a Iria Flavia* son só unha mostra representativa. Reúnense aquí traballos aparecidos durante a década dos 40 en *Finisterre*, *El Español*,

Arriba,... Durante a década dos 50, en *Vida Gallega* (2ª época), *Faro de Vigo*, *La Vanguardia*. Durante os 60 e 70 en *Mundo*, de Barcelona, *La Nación* de Buenos Aires. E, xa na Transición, en *El Independiente* e no *ABC*. Unha gran parte deles podemos atopalos en libros recompilatorios, con títulos como *Mesa revuelta*, *El gallego y su cuadrilla*, *La rueda de los ocios*, e finalmente nos tomos das súas *Obras Completas* publicadas pola editorial Destino en 1962, e entre 1989 e 1990. Isto deixa claro que poucos escritos de Cela queden inéditos á súa morte en 2002: hai, por exemplo, artigos no *ABC*, inéditos en libro, algúns dos cales poden lerse nesta edición. Quedan, iso si, cartas que mostran a súa relación con intelectuais galegos.

A relación de Cela con Galicia tamén se manifesta en conferencias e discursos, reproducidos algúns deles aquí : Como a conferencia no Centro Galego de Caracas, de 1953, “La morriña en la literatura galega”, ou o “Discurso de ingreso” como académico de honra na RAG en 1980 –el xa pertencía como académico correspondente desde 1944-, que Xesús Alonso Montero supón traducido ao galego para ocasión por Juan Naya, o bibliotecario. Tamén se ocupou Cela de Galicia en libros de viaxes, como *Del Miño al Bidasoa*, ou en volumes de autoría colectiva como *El hombre y el mar*, ou *Finisterre*.

Non aparece aquí escolmada a obra de creación, pero si toda a materia ensaística que a termina nutrindo: vemos as claves da súa relación coa terra natal, a Galicia dos seus ancestros: Se por un lado, é a Iria Flavia a que xorde unha e outra vez nos seus escritos, especialmente os invadidos dun profundo lirismo que caracterizou unha das vetas creativas de Cela, por outro lado a que aparece é a terra ourensá dos Cela ou o Tui que habitou cando a familia acompañaba o pai nos seus cambios de lugar de traballo. Nos escritos escolmados predomina a terra padronesa e a cidade da Coruña. Recoñezo a miña parte de responsabilidade electiva nisto, pero tamén cómpre dicir que son os textos máis fermosos que se poden atopar en Cela.

Olivia Rodríguez González